# Dereit' é de lume dar

Alfonso X. el Sabio
(1221-1284)
Cantigas de Santa Maria, No.116




**Refrain:**
Dereit' é de lume dar
a que Madr' é do lume.

**Stanza I**
Desto vos quéro contar
miragre verdadeiro
que quis a Virgen mostrar
gran por un mercadeiro
que aa feira mercar
con un séu companneiro
de Salamanca fora,
como han de costume.

**Stanza II**
Aqueste mais d' outra ren
amou Santa María
e con haver e con sen
de grado a servía;
e jajũava tan ben
cada que sa vigía
dela foi, que pescado
non comiu nen legume.

**Stanza III**
E atal vida usou
per u quér que andava
muïto, que jajũou
nas feiras u mercava;
mas pero nunca achou,
u quér que el estava,
quen lle fezésse nojo
ond' houvésse queixume.

**Stanza IV**
El vivendo vida tal
que, u eigrej' achasse
da Virgen que pód' e val,
que desto non errasse
que cande' ou estadal
i sigo non levasse;
esto en Salamanca
fez, dizendo "Adú-me",

**Stanza V**
a un séu sergent' assí,
"dúas grandes candeas,
as que de Toled' aquí
trouxe, que non son feas;
ca éu taes alá vi
mellor arder que teas
nen que niũa cousa
que o fógo conssume."

**Stanza VI**
Segundo com' apres' hei,
as candeas trouxéron
assí como vos direi,
e acender fezéron;
e, como per oír sei,
sas guardas i poséron,
dizendo: "Guardad' ũa
que outra non afume."

**Stanza VII**
Mas avẽo per prazer
da Virgen groriosa
que houvéron de morrer;
mas ela pïadosa
os ar fez pois acender
come tan poderosa
con Déus, cujos miragres
non caben en volume.

Music engraving by LilyPond 2.22.2—www.lilypond.org